



ASOCIACION GALEGA DE ARTESANS

>NOTA DE PRENSA

A nova web da Asociación Galega de Artesáns nace ca vocación de ser o recurso de información máis útil para os obradoiros artesáns en Galicia

A punto de cumprir os seus 25 anos de existencia, a Asociación Galega de Artesáns inaugura unha nova etapa poñendo en marcha a súa nova web **www.galegadeartesans.org**, a través da que proporcionará novos servizos de información cara os seus socios e o resto dos artesáns que traballan en Galicia.

A web tamén inclúe un potente catálogo que conterá pequenas mini-webs de cada un dos socios/as de AGA, a través do que se poderá coñecer de xeito áxil e cómodo o tipo de produtos de cada obradoiro, ou os servizos que presta. Este catálogo chegará a conter arredor de 1.000 fotografías da produción máis significativa dos membros de AGA.

Dende as diferentes seccións da web poderáse obter todo tipo de documentación e información de interese para a actividade profesional dos oficios artesáns en Galicia.

Unha das funcionalidades máis interesantes da nova web é a **revista dixital Artesán** (cabeceira que AGA recupera da súa mítica revista en papel co mesmo nome, que editou 6 exemplares entre 1988 e 1993), a través da que se poderá acceder á información de interese para o sector artesanal cun formato de prensa dixital.

A web tamén inclúe un apartado de prensa, desde o que se poden baixar imaxes en alta resolución para utilización en medios de comunicación.

A construción desta nova web foi posible grazas a unha axuda da Consellería de Innovación e Industria da Xunta de Galicia.

A Coruña 31 de outubro de 2007

Si precisa máis información:
asociacion@galegadeartesans.org
T 981 293 688 (de 9 a 14 h)